

PRIMEIRO SÉCULO

-*A Manuel Daniel Varela Buxán, in memoriam*

Cen anos é a estatura da árbore de Galicia
cando nace en casa de paxaros o galano
do sol que non desmedra.

Velaí, Daniel, a túa carballeira de antigo
que nos cumpres un século e todo campa e canta
dende a fermosura deste marzo que aloumiña
e soña un sabugueiro
cabو de lonxe coma un mar de frondes: fartura
é que sempre agardas e non pechas a memoria.
Proseguimos coas maus e coa palabra de voso:
aquela que se confronta
aos medos e aos abismos da intemperie
que tanto sabiades.

Caro amigo, irmau, recolle un bico e unha roseira
pola tanta vida a semear en terra boa.

*Xosé Vázquez Pintor
Cangas, 2 de marzo do ano 2009*